



**ACTA Nº 6 DA MESA DE CONTRATACIÓN.
CONTRATO “SUMINISTRACIÓN MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO
(“RENTING”) DE CINCO VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE PORTO DO SON”.**

ASISTENTES:

Presidente:

- D. José Luis Oujo Pouso (Alcalde-Presidente).

Vogais:

- D^a. María José Maneiro Quintáns (Concelleira Delegada de Facenda).
- D. Antonio Romero Ribeiro (Concelleiro Delegado de Prom. Económica).
- D^a. M^a. Mar Lirola Delgado (interventora do Concello).
- D. José Manuel González García (secretario do Concello).

Secretaria:

- D^a. M^a. Carmen Monzón Rodríguez (auxiliar administrativa do Concello).

HORA DE INICIO: 13:40 horas.

HORA DE REMATE: 14:00 horas.

Na Alcaldía do Concello de Porto do Son, o **19 de decembro de 2017**, reúnese a Mesa de Contratación designada no procedemento para adxudicar o contrato “Subministración mediante arrendamento con mantemento (“renting”) de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son” (cláusula 19^a do prego de cláusulas administrativas particulares), baixo a presidencia de D. José Luis Oujo Pouso e coa asistencia dos vogais que se relacionan á marxe, ao obxecto de tratar os asuntos que se indican a continuación:

ÚNICO.- Cualificación da documentación presentada para a de adxudicación do contrato “Subministración mediante arrendamento con mantemento (“renting”) de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son”.

Por indicación do Sr. presidente, o secretario do Concello dá conta da presentación polos empresarios POSADA MENÉNDEZ, S.L. (lote 1) e CRONORENT, S.L. (lote 2), dentro do prazo outorgado da documentación que lles fora requirida por decreto da Alcaldía núm. 784/2017, do 17 de novembro, consonte ao previsto na cláusula 20^a do prego de cláusulas administrativas particulares, e que é a seguinte:

1. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Administración do Estado e da Comunidade Autónoma) e coa Seguridade Social.
2. Garantía definitiva por importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE: 2.080,80 euros (lote 1) e 3.110,93 euros (lote 2).
3. Documentación acreditativa do cumprimento das condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración.

Examinada a documentación presentada polos licitadores resulta:

a) Lote 1 (subministración de 3 furgonetas). Empresario: POSADA MENÉNDEZ, S.L.

O empresario non achega a seguinte documentación (cláusula 20^a, apdo. 4 e apartado 5 do anexo I dos pregos):

- Solvencia económica e financeira:
 - Non presenta declaración sobre o volume global de negocios.
- Solvencia técnica e profesional:

- Non presenta relación das principais subministracións efectuadas durante os 5 últimos anos, do mesmo tipo ou natureza que o contrato licitado.
- Non presenta certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou certificados ou declaracións do empresario, cando o destinatario sexa un comprador privado, e nos que consten o importe, datas e destinatario, público ou privado da subministración.

b) Lote 2 (subministración de 2 todoterreo). Empresario: CRONORENT, S.L.

A documentación presentada axústase ao previsto na cláusula 20ª dos pregos de cláusulas administrativas particulares e verifícase a súa integridade e corrección.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro.- Declarar que o empresario POSADA MENÉNDEZ, S.L. non cumpriu adecuadamente o requirimento de achega de documentación para a adxudicación do contrato, polo que se considera que retirou a súa oferta, conforme ao previsto no art. 151.2 TRLCSP.

Segundo.- Declarar cumprido polo empresario CRONORENT, S.L. o requirimento de achega da documentación necesaria para a adxudicación ao seu favor do contrato (lote 2) e dar conta deste acordo á Alcaldía- Presidencia, como órgano de contratación, para os efectos da adxudicación do contrato, previa a fiscalización do expediente pola Intervención municipal.

Terceiro.- Elevar á Alcaldía- Presidencia, en canto órgano de contratación, proposta para a adxudicación do contrato "Subministración mediante arrendamento con mantemento ("renting") de cinco vehículos para o Concello de Porto do Son" a favor dos empresarios ANDACAR 2000, S.A. (lote 1), de conformidade coa clasificación das proposicións efectuada pola mesa de contratación o 27/11/2017.

Porto do Son, 19 de decembro de 2017.

Presidente,

D. José Luis Oujo Pouso.

Vogal,

Dª. María José Maneiro Quintáns.

Vogal,

D. Antonio Romero Ribeiro.

Vogal,

Dª. Mª Mar Lirola Delgado.

Vogal,

D. José Manuel González García.

Secretaria,

Dª. Mª Carmen Monzón Rodríguez.